

TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO DE GRAO MEDIO DE INVESTIGACIÓN (ARQUEOMETRÍA E CARACTERIZACIÓN DE MATERIAIS), GRUPO II, POLO TURNO DE QUENDA INTERNA, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

O exame consistirá na realización por parte do candidato de 4 tarefas (parte práctica) e na resposta de cinco preguntas a plantexar polo tribunal (parte teórico-práctica). Ao longo do desenvolvemento destas tarefas o tribunal establecerá un diálogo co candidato e plantexaralle preguntas e/ou requerirá que desenvolva algunha explicación relativa ás tarefas que está levando a cabo.

### **Parte práctica**

**Tarefa 1**---Recheo dun tubo de combustión. O aspirante deberá de encher un tubo de combustión co material de recheo apropiado para levar a cabo a análise elemental (puntuación máxima: 8 puntos).

**Tarefa 2**—Realizar a pesada dunha mostra que se analizará posteriormente en CHNS (puntuación máxima: 6 puntos).

**Tarefa 3**—Realizar a análise dunha mostra orgánica pura comercial. O equipo estará en perfectas condicións para a realización do exercicio. No caso de que se produza un evento de causa maior (avaría) no equipo, o examen continuará en modo simulación (puntuación máxima: 12 puntos).

**Tarefa 4**—Posta en marcha inicial do equipo microtomográfico (correcta colocación dunha mostra, a elixir polo candidato, centrado e visualización da imaxe radiográfica) (puntuación máxima: 4 puntos).

### **Parte teórico-práctica (preguntas orais):**

Realizaranse 5 preguntas orais por parte do tribunal durante o desenvolvemento do mesmo (puntuación máxima: 5 puntos).